

O que se somete ao trámite de información pública polo prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do establecido no art. 110.f. do R.D. 1372/86. De non presentarse reclamacións en tempo e forma, o acordo elevarase a definitivo.

Friol, a 15 de xuño de 2012.- O Alcalde, Antonio E. Muiña Pena

R. 2698

Anuncio

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 11 de xuño do actual, polo que se acorda desestimar a única reclamación presentada no trámite de información pública, así como aprobar definitivamente a ordenanza municipal para a defensa e protección das vías municipais, en relación coa saca de madeira en Friol.

4.- ORDENANZA MUNICIPAL PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA EN FRIOL. APROBACIÓN DEFINITIVA. Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta ao Pleno do Concello, do expediente incoado en orde á aprobación da ordenanza municipal para a defensa e protección das vías municipais, en relación coa saca de madeira en Friol, que faga compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio e conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade vial. Preténdese que non ocasionen danos ás vías públicas e que queden en axeitado estado de limpeza e seguridade.

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 29 de marzo do actual, prestou aprobación inicial á Ordenanza Municipal de saca de madeira, someténdose ao trámite de exposición pública, que se iniciou coa publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 85 de 13 de abril de 2012. No prazo de exposición pública, o día 20 de abril do actual, ten entrada no concello escrito de alegacións suscrito pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, no cal solicitan a anulación da Ordenanza Municipal de corta e saca de madeira, por considerar que o Concello non ten competencia para regular os montes e os aproveitamentos forestais, e por infracción do principio de igualdade.

Á vista das alegacións formuladas pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, pola Alcaldía-Presidencia compre sinalar:

-No que se refire ao alegado de que se trata dun claro suposto de extralimitación competencial, xa que no art. 25 de Lei 7/85, non se atribúe competencia en materia forestal aos concellos, ponse de manifesto que no art. 25.2.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece como competencia propia dos concellos a "conservación de camiños e vías rurais", título competencial en base ao que se aproba a Ordenanza Municipal de saca de madeira, tal e como se puxo xa de manifesto no momento da súa aprobación inicial.

-No art. 286 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, dise que as corporacións locais poderán intervir nas actividades dos cidadáns axustándose aos principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifique á potestade respecto a actividade individual. No art. 6 dise que no ámbito das suas competencias e nos términos establecidos pola lexislación local, correspóndelles ás entidades locais, entre outras, a potestade regulamentaria e de autoorganización; tal e como se di no escrito presentado, coordinando co disposto no art. 80 da lei, dise que o concello exercerá, en todo caso, competencias nos términos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de conservación de camiños e vías rurais (art. 80.2.d)

- Engadir que o título da ordenanza non é "ordenanza municipal para a defensa e protección das vías municipais en relación coa corta e saca de madeira", como se reflexa no escrito remitido ao concello pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, senón que se denomina "ordenanza municipal para a defensa e protección das vías municipais en relación coa saca de madeira".

A ordenanza municipal, non regula, nin pretende facelo, os aproveitamentos forestais, os cales, efectivamente son competencia estatal e autonómica, e son obxecto de regulación pola correspondente normativa estatal e autonómica. O Concello non pretende a limitación en materia de aproveitamento forestal, xa que a única finalidade que persigue o Concello coa aprobación da ordenanza municipal, é garantir a conservación dos camiños e vías rurais, xa que están comprobados os importantes danos que as actividades de da saca de madeira, causan nos camiños e vías rurais. No que se refire ás cuestións da madeira, na ordenanza dispónse que deberán obterse os permisos e autorizacións sectoriais.

- No que se refire á infracción do principio de igualdade e legalidade, alegada pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, tal e como sinalan no seu escrito, o Tribunal Constitucional en distintas sentencias ven recoñecendo que non toda desigualdade de trato supón unha infracción do art. 14 da Constitución sempre que teña unha xustificación obxectiva e razoable, e neste caso a actividade de saca de madeira é sustancialmente diferente a outras como poden ser o desenvolvemento de actividade agrícola ou gandería que expresamente se

mencionan na alegación. A actividade de saca da madeira é unha actividade puntual e concreta, pero que supón, non obstante, unha maior intensidade de uso nas vías e camiños rurais que a de outro tipo de actividades.

Ademais o Tribunal Constitucional na mesma sentenza mencionada no escrito (STC 76/1990, de 26 de abril) engade que para que a diferenciación resulte constitucionalmente lícita "é indispensable ademais que as consecuencias xurídicas que resultan de tal distinción sexan adecuadas e proporcionadas a dito fin".

No presente caso, o Concello de Friol, coa ordenanza municipal, limitase a esixir que as empresas que se dediquen ás devanditas actividades fagan unha comunicación previa das actividades que van desenvolver no termo municipal co fin de controlar e preservar a integridade dos camiños e vías rurais polas que se vaian a realizar. Tal obriga non se pode considerar desproporcionada e en ningún caso especialmente gravosa ou desmedida, este tipo de actividade realizase nun lugar determinado e cunha duración máis ou menos concreta, polo que soamente supón comunicalo con anterioridade ao Concello.

Resumindo, as obrigas que prevé a ordenanza van dirixidas a protección dos camiños e vías públicas municipais, que sí son competencia e obriga municipal, e non inciden no dereito de exercer a actividade de saca de madeira nin supoñen como se di na alegación unha limitación no seu exercicio.

Á vista do anteriormente exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

-Desestimar as alegacións presentadas pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, en relación coa aprobación da ordenanza reguladora da saca de madeira en Friol, por entender que carecen de fundamento legal xa que o título competencial en base ao que o concello regula esta materia é a "conservación de camiños e vías rurais" prevista no art. 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- Á vista de que non existen máis alegacións presentadas dentro do prazo sinalado para tal efecto, prestar aprobación definitiva ao acordo inicialmente adoptado na sesión de 29 de marzo, procedendo seguidamente á publicación íntegra do acordo e do texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa entrada en vigor de conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Unha vez concluída a exposición do asunto e á vista de que os señores concelleiros non desexan facer ningunha intervención ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita nos seus propios termos, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente o acordo adoptado, de aprobación definitiva da ordenanza, que se transcribe a continuación no seguinte anexo.

ANEXO

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA EN FRIOL

Art. 1º.- Obxecto da normativa.- Constitúe o obxecto desta ordenanza o establecemento dunha regulación no municipio de Friol das sacas de madeira, que faga compatible a liberdade da empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio e a conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade vial.

Art. 2º.- Concepto de saca de madeira.- Por saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Friol que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de tala, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos as fincas, preparacións do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte).

Art. 3.- Requisitos para as operacións de saca de madeira.- Sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo dos permisos ou autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar plantacións forestais, dentro do municipio de Friol cun peso estimado superior a 8 toneladas métricas, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro, debendo constar nel os seguintes datos:

- 1.- Datos identificativos do propietario forestal e do madeireiro:
 - Persoa física: Nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono.
 - Sociedade ou persoa xurídica: enderezo, CIF, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.
- 2.- Especie de madeira obxecto da corta. Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.
- 3.- Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa. Identificación en plano catastral.
- 4.- Datadas previstas de inicio e remate dos traballos.
- 5.- Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca.

- 6.- Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.
- 7.- Vías a empregar e data prevista para o transporte da madeira.
- 8.- Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de saca de madeira.
- 9.- De ser o caso, fotocopia compulsada de permiso, autorización ou licenza de corta expedida pola autoridade competente.
- 10.- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro estas características, deberá facelo constar así expresamente no escrito de comunicación que presente, e prestar garantía mediante fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no art. 5º.

O Concello de Friol terá a disposición dos interesados un modelo normalizado do escrito de comunicación previa.

O Concello de Friol requirirá ao madeireiro, ou ao propietario do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o madeireiro non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

Art. 4º.- Obrigas nas operacións de saca de madeira.- O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.

Ademais estará obrigado a sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.

Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

Art. 5º.- Responsabilidade.- O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O concello de Friol velará especialmente para que as ditas operacións de saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e éstas queden en axeitado estado de limpeza e seguridade.

A obriga da que se fai referencia neste artigo será esixible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e en xeral polos cometidos por aquelas persoas de que deba responder.

No suposto de que non sexa titular ou beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar, que garanta a reparación dos danos ou prexuízos que poda ocasionar con motivo das operacións de corta e saca de madeira, o madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende (peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación do vial afectado, etc.). Esta garantía será devolta polo Concello unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais.

Art. 6.- Infraccións.- As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- a) Non presentar o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para elo polo Concello.
- b) Deixar as vías municipais nun moi deficiente estado de suciedade, ocasionando unha situación de risco para a seguridade vial.
- c) Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 6.000 euros.
- d) A comisión polo madeireiro de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Son infraccións graves:

- a) Non presentar o escrito de comunicación previa.
- b) Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade.
- c) Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 6.000 euros.
- d) Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriron para acceso ás fincas
- e) A comisión polo madeireiro de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra mais dun ano.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Art. 7º.- Sancións.- As infraccións da presente ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros

Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 301,00 e 1.500,00 euros.

Infraccións moi graves: Multa de contía comprendida entre 1.501,00 e 3.000,00 euros.

As sancións imporanse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ao interesado, correspondendo á Alcaldía, a resolución do expediente sancionador.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da existencia, se fose o caso das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e prexuízos a que houbera lugar.

Art. 8.- Requirimentos.- Advertido o incumprimento da presente ordenanza e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase ao responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais que, en calquera caso non poderá exceder dun mes.

Transcorrido este prazo sen que se de cumprimento ao requirimento, procederase sen necesidade de novas modificacións, a súa execución subsidiaria cargándolle os custes desta á persoa responsable.

Disposición final.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O que se fai público facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdicción contencioso administrativo, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comenarán a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol a 15 de xuño de 2012.- O Alcalde, Antonio E. Muiña Pena

R. 2699

LUGO

Anuncio

IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

Constituída a Inspección para documentar os resultados da actuación inspectora unha vez rematado o prazo de trámite de audiencia sen que comparecera o interesado ou seu representante, en relación co concepto tributario arriba expresado, faise constar que se procedeu a incoar ACTA DE DISCONFORMIDADE co seu correspondente informe ampliatorio, ós seguintes pasivos ou responsables tributarios que a continuación se relacionan despois de que se intentara sin éxito e por dúas veces a súa notificación nos seus domicilios. A Inspección advirte ao Interesado seu dereito a presentar ante esta inspección de tributos as alegacións que consideren oportunas por un prazo de QUINCE DÍAS a partires do décimo día contado dende o seguinte desta publicación.